



A IMPORTANCIA DA ALERXIA AOS ANTIBIÓTICOS

- ***Na Semana Mundial da Concienciación sobre o Uso dos Antibióticos, os especialistas da Área de Vigo informan da importancia de discriminar as alerxias producidas por estes medicamentos dos seus efectos adversos***
- ***O 90% dos pacientes que refiren ser alérxicos a determinados antibióticos, non o son***
- ***Unha utilización correcta de antibióticos deriva en menos efectos secundarios, máis seguridade para o paciente e igual eficacia clínica***

Vigo, 23 de novembro de 2023. Na Semana Mundial da Concienciación sobre o Uso dos Antibióticos, o equipo PROA (Programa de Optimización de Uso de Antimicrobianos), xunto coa Comisión de Infeccións e o servizo de Alergoloxía uníronse este ano para enviar unha mensaxe conxunta sobre a importancia da alerxia aos antibióticos.

Con isto, os especialistas queren reiterar a necesidade de diferenciar as alerxias aos antibióticos das reaccións adversas ou efectos secundarios que poden ocasionar estes fármacos. De feito, varios estudos publicados, observaron que preto do 90% dos pacientes que refiren ser alérxicos á penicilina, non o son. Isto ten unha gran importancia, xa que

a penicilina e os seus derivados son os antibióticos de elección na maioría das infeccións. O feito de ser alérxico a estes antibióticos obriga a utilizar outros fármacos, menos eficaces e máis tóxicos. Todo isto conleva que os pacientes que son alérxicos presentan máis risco de infección cirúrxica, unha maior estancia hospitalaria e un maior risco de ingreso na UCI.



Neste senso, a coordinadora do Comité de Infeccións e Política Antimicrobiana da Área de Vigo, María Teresa Pérez, afirma que "resulta tan perigoso non rexistrar a alerxia dun paciente, polo risco dunha reacción alérxica grave, como non descartala. Cando se



identifica erroneamente a un paciente de alérxico a un antibiótico, se condiciona o seu tratamento e, polo tanto, a eficacia do mesmo e a evolución da súa enfermidade”.

Novo protocolo con Alergloxía

Na actualidade, na Área Sanitaria de Vigo avalíanse anualmente uns 500 pacientes con alerxia a antibióticos. Destes, o 90% non son alérxicos. Neste contexto, vaise elaborar un Protocolo co servizo de Alergloxía para que os pacientes con sospeita de presentar alerxia aos antibióticos sexan derivados a esa especialidade, para a confirmación do diagnóstico.

A Área Sanitaria de Vigo continúa desenvolvendo estratexias para mellorar o uso dos antibióticos. De feito, é a área galega que presenta a mellor taxa de uso de estes fármacos nos últimos anos. Unha utilización correcta de antibióticos deriva en menos efectos secundarios, máis seguridade para o paciente e igual eficacia clínica.

Isto foi posible grazas ao traballo que se vén desenvolvendo polo Comité de Infeccións, Profilaxe e Política Antibiótica, xunto co Equipo PROA.